

quero engadir:  
10.- Foi vde. o que propuxo o recorrido a Ortoño en 1923?  
Sua bisaboa irmá do crego Viojo, era así?

- 11.- De Habana, de Bs.As., de onde as axudas en cartos ó SEG?  
12.- Pron a pé a Ortoño, anotando cruceiros, etc. Cónteme.

Cont. 5-11-93

Santiago, 28 de outubro de 1993

Sr.D. Luis Tobio  
Madrid

Meu querido amigo:

A súa fugaz estancia aquí deu tempo para pouco. Por outra banda estivo moi ocupado por esto do Seminario. E eu quixera ter conversado máis.

Quero adicarlle un dos meus artigos do Faro de Vigo dominical, e anque teño a ficha de Vde. que aparece na Gran Enciclopedia Galega, veño a molestalo para ampliar algunhas cousas.

- 1.- ¿Cantos anos estivo no exilio? ¿Foi de 1939 a 1963? Non veu a España en todo ese tempo?
- 2.- ¿Canto tempo estivo na Habana? Xa sei que tivo relacions con Ortiz, Portuondo, Roas. ¿Como veu o ambiente intelectual cubano de entón, e a solidariedade cos republicanos españois? Xa nos contou que Lazaro Peña, ~~xxxxxxxxxx~~ secretario xeral da CTC intercedeu para que seu irmao Carlos fose a Cuba?, ¿Foi exactamente así ou entendin mal? ¿Como era eso da Escuela Libre creada por vostede e outros -¿os ditos?- na Habana?
- 3.- ¿Como recorda a Castelao en N.York? Algunha anécdota. Xa teño presente que Castelao o presentou a vostede nalgúnha conferencia. ¿De que falaba vostede nesa ocasión? ¿Foi más dunha vez?
- 4.- O seu vinculo cos galegos do Uruguay, e coa audicion Sempre en Galiza.
- 5.- Que pensa do Primeiro Congreso da Emigración Galega celebrado en Bs.As. en 1956?
- 6.- ¿Que significou América para vostede?
- 7.- ¿Vai moito por Viveiro? ¿Que significa para Vd. Viveiro?
- 8.- Teño en conta a sua amistade con sefarditas en Bulgaria
- 9.- ¿Que pensa do novo Seminario de E.Galegos?

Todo esto non vai con preguntas e respostas. Sintetizo eu a información e complemento con outras fontes, como a GEG. Ilustrarei o traballo cunha caricatura moi boa que lle fixo Vizoso (e dixo que a Vde. lle gustara) e coa portada dun libro seu de Edic. do Castro.

Non se tome o traballo de repetir as preguntas. Abonda con que ponha os números.

Agardo noticias suas. Disculpe a molestia. Reciba unha forte aperta de Anisia e de seu

Xose Neira Vilas

Xose Neira Vilas  
Instituto Galego de Información  
San Marcos s/n - Santiago de Compostela